

Concello da Capela

RESOLUCIÓN

Asunto: Nomeamento de membros da Mesa de Contratación

FEITOS:

I. O Concello da Capela ten, nestes intres, aprobados os expedientes de licitación e contratación das seguintes obras:

-POS+ 2019: “Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9+610 a PK 9+850”

-PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS (AGADER): “Mellora dos camiños municipais de Sande, Xasén e Corveira”

II. Sendo preciso licitar as mencionadas obras, é convinte que, por esta Alcaldía-Presidencia, se nomeen os membros da Mesa de Contratación ata que, polo Pleno do Concello, na sesión plenaria de organización prevista no artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se nomee a Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela.

III. O órgano competente para a licitación e contratación das obras de referencia é o Alcalde-Presidente.

Tendo en conta os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-Artigo 21.1, letras a) e d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

-Artigos 61.1, letras b) e d), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

-Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público



Concello da Capela

E visto o anterior,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a composición da Mesa de Contratación que actuará na licitación e contratación das seguintes obras: POS+ 2019: “Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9+610 a PK 9+850” e PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS (AGADER): “Mellora dos camiños municipais de Sande, Xasén e Corveira”, e que será a que se detalla a continuación:

Presidente: D. Emilio Riobó Piñón

Secretaria: Dna. Olga Galdo López

Vogais: D. José Antonio Meizoso Paz, Dna. Josefina Fernández Ferreira e D. Jesús Franco Rodríguez.

Segundo: dar conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE